


Recursos

Recursos

Os recursos en Moodle permiten **proporcionar contidos** ao alumnado pero tamén ofrecer **información visual sobre a metodoloxía** de traballo nun curso.

- **Contido de paquete IMS, Ficheiro, Libro, Páxina e URL**, permite proporcionar ao noso alumnado os contidos das Unidades Didácticas, así como información adicional para traballar as tarefas da unidade.
- **Etiqueta** para organizar os distintos tipos de recursos e actividades dentro do curso, de xeito que, visualmente, o alumnado entenda qué facer con cada recurso/actividade presente no curso.
- **Cartafol** cando teñamos que proporcionar unha serie de arquivos relacionados cunha tarefa, podemos agrupalos nun cartafol.



[Licenza: Dominio público](#)

No noso caso empregaremos habitualmente ficheiros para a presentación dos contidos, URL para enlaces a páxinas web e etiquetas e cartafoles para a organización dos recursos/actividades do noso curso.

Configuración dun recurso de contidos


A inclusión dun recurso nun curso implica:

- 1.- **Activar a edición** do curso
- 2.- **Seleccionar o recurso** a engadir




[Licenza: Dominio público](#)

3.- **Configurar o recurso.** Unha vez escollido o recurso, imos pasar á pantalla de configuración do mesmo. *Non todos os recursos teñen as mesmas opcións de configuración, pero estas son as máis habituais.*



Licenza: Dominio público

Tamén accedemos a esta pantalla de configuración cando queremos **ver ou modificar un recurso xa creado**. Nestes casos, accedemos a ela como amosa a imaxe:




Licenza: Dominio público

Xeral e contido

En **Xeral** poñemos o nome do recurso/actividade que vai aparecer no curso.

En **Contido** temos dúas opcións:

- **Engadir un arquivo sen máis**, e neste caso, vai aparecer no curso có icono que indica o tipo:



[Licenza: Dominio público](#)

▼ Xeral

Nome* Este é o nome có que vai aparecer o arquivo no curso

Matriculación masiva de usuarios: modelo arquivo CSV

Descrición*

Parágrafo

B I

Aquí tedes un arquivo cós campos principais para dar a alta e facer a matriculación empregando a modalidade de matriculación masiva.

Ruta: p

Presentar a descrición na páxina do curso ?

▼ Contido

Ficheiros seleccionados

Ficheiros


subirAlumnosMoodl

Arrastramos a este cadro o arquivo Este cadro non aparece no caso dos recursos organizativos.

[Licenza: Dominio público](#)


- **Engadir un paquete de contido como sitio web.** Por qué imos escoller esta opción? Pois porque é un **formato compatible coas distintas plataformas**, móbiles, tablets, ordenadores,... *Enténdese que haberá que usar unha aplicación, como por exemplo exeLearning, que nos permita editar e exportar os nosos contidos ao formato Sitio web/Ficheiro zip.*

1. **Subir o arquivo** en formato zip a contido




[Licenza: Dominio público](#)

2. Descomprimir o arquivo dentro da caixa de contido




[Licenza: Dominio público](#)

3. Eliminar o arquivo comprimido de contido



[Licenza: Dominio público](#)

4. Marcar o arquivo "index.html" como ficheiro principal



[Licenza: Dominio público](#)

Apariencia

Podemos decidir **cómo visualizar un recurso** de contidos como un ficheiro ou unha URL:

The screenshot shows the 'Apariencia' settings for a resource in Moodle. The 'Presentar' dropdown menu is open, showing options: Automático, Incrustado, Forzar a descarga, Abrir, and Nunha xanela emerxente. Annotations explain the options: 'Automático' is the default; 'Incrustado' means the file opens within the Moodle page; 'Nunha xanela emerxente' allows setting a width (620) and height (450) for a pop-up window. A note states that the appearance is not present for organizational resources.

Automático, o moodle escolle cómo abrir o ficheiro en función do seu tipo

Presentar ? Automático

Amosar o tamaño ? Incrustado

Amosar o tipo ? Forzar a descarga

Largura da xanela emerxente (en píxeles)* 620

Altura da xanela emerxente (en píxeles)* 450

Presentar a descrición do recurso

Use filtros no contido do ficheiro* Ningún

Amosar menos...

Se escollemos incrustado, o ficheiro ábrese dentro da pantalla do moodle

Se escollemos que o arquivo abra nunha xanela emerxente, poderemos indicar o tamaño da mesma

[A aparencia non está presente no caso dos recursos organizativos](#)

Licenza: Dominio público

No caso dun **recurso incrustado**:

O nome do recurso

Módulo1_Diferenza entre aula virtual e curso. Competencias

NAVEGACIÓN

ADMINISTRACIÓN

- ▼ Administración do módulo ficheiro
 - Editar a configuración
 - Roles asignados localmente
 - Permisos
 - Comprobar permisos
 - Filtros
 - Rexistros
 - Copia de seguranza
 - Restaurar
- ▶ Administración do curso
- ▶ Mudar o papel para...
- ▶ Configuración do meu perfil
- ▶ Administración do sitio

Buscar

Moodle é un xestor de contidos para eLearning, esto é, unha aplicación web que permite crear e xestionar de xeito sinxelo, un aula virtual para a impartición de cursos online.

Neste curso explicarase o uso desta ferramenta para a **creación e xestión avanzada dun curso** na plataforma Moodle.

Lembrede que é importante saber onde está un en cada momento, así temos como profesores:

Este é un ficheiro incrustado

O curso orgánizase en Moodle...

Tanto a barra de navegación como o bloque, indicándonos onde estamos

Esta é a PÁXINA PRINCIPAL DUN CURSO para un profesor. Presenta:

- Bloque de administración do curso
- Botón de activación para a edición


Explicase os conceptos de aula virtual ou sitio e curso dentro do Moodle. Tamén as compentecias dos administradores da aula virtual e os xestores e profesores dun curso.

Licenza: [Dominio público](#)

Configuración común do módulo

Moodle emprega este apartado para:

- **Amosar ou manter oculto** o recurso/actividade
- **Asignar este recurso/actividade aos grupos dun único agrupamento.**



▼ Configuración común do módulo

Visible ▼

Número de ID

Agrupamento ▼

Dispoñíbel só para membros do grupo

Cando este campo está oculto, só os docentes e os xestores do curso poden velo.

No caso de que este recurso/actividade queramos que sexa accesible só para os grupos dun agrupamento:
1º- activamos o check
2º -escollemos o agrupamento

[Licenza: Dominio público](#)

Restriccións de acceso

A configuración da restricción de acceso permite determinar cando vai a ser accesible un recurso ou unha actividade.

Hai varios **tipos de restriccións**:

- **Condición de data:** se poden especificar datas de apertura e peche do acceso.
- **Condición de calificación:** empregaremos esta opción cando precisemos obter unha porcentaxe de cumprimento nunha actividade (entre 50% e 75%), antes de poder acceder a estoutro recurso.
- **Condición de usuario:** se queremos restringir o acceso a un ou varios usuarios, tamén podemos facelo indicando o campo polo que facer o filtrado e o valor do mesmo.
- **Condición de remate doutras actividades:** cando a condición para acceder ao noso recurso/actividade é ter rematada unha actividade previa.

▼ Restrict access

Allow access from ⓘ
3 ▾ Decembro ▾ 2019 ▾ 00 ▾ 00 ▾ Activar

Allow access until
3 ▾ Decembro ▾ 2019 ▾ 00 ▾ 00 ▾ Activar

Grade condition ⓘ 1º Escollemos a actividade 2º Indicamos a porcentaxe a obter na mesma
(none) ▾ must be at least % and less than %
 Pode engadirse máis dunha condición deste tipo

User field ⓘ 1º Escollemos o campo 3º Poñemos o valor a buscar
(none) ▾ contains ▾
 2º Indicamos se debe conter, ser igual, ...

Activity completion condition ⓘ 1º Escollemos actividade
(none) ▾ must be marked complete ▾
 2º Indicamos o grado de cumprimento

While access is prevented
 ▾

Annotations:
Aquí podemos indicar a data e hora de apertura e de peche do recurso/actividade.
Se queremos que este recurso/actividade esté dispoñible cando se obteña unha determinada calificación nunha actividade
Tamén podemos restringir o acceso por usuario, empregando os campos do perfil do usuario
Se queremos que este recurso sexa accesible cando se supere unha actividade

Completado de actividade

O completado de actividade permite configurar cando un recurso/actividade dase por completo. Hai dúas opcións:

- **Configuralo opcional ou non configurado** (non hai condicións que cumprir):

▼ Completado da actividade

Seguimento de completado ⓘ Amosar a actividade como completada cando se cumbran as condicións ▼

Sen condicións

Requirir ver Os alumnos poden marcar manualmente a actividade como completada

Agardase completala en ⓘ 5 ▼ Decembro ▼ 2019 ▼ Activar

[Licenza: Dominio público](#)

- **Configuración condicionada.** No caso dos recursos, o completado de actividade pode configurarse cunha única condición:

▼ Completado da actividade

Seguimento de completado ⓘ Amosar a actividade como completada cando se cumbran as condicións ▼

Requirir ver O alumno debe ver esta actividade para completala **Condición para recursos**

Agardase completala en ⓘ 5 ▼ Decembro ▼ 2019 ▼ Activar

[Licenza: Dominio público](#)

Recursos de contidos

A meirande parte dos recursos adicados a presentar os contidos das Unidades Didácticas e información adicional, teñen as opcións de configuración explicadas anteriormente. No obstante, algúns deles teñen unha configuración máis personalizada que vemos a continuación.

- **Contido de paquete IMS:** este tipo de paquete de contido permite incorporar non só texto, senón tamén pequenos cuestionarios, recursos multimedia, incluso, insertar sitios web completos no propio paquete, como se ve no "Exemplo de sitio web embebido". No obstante, **non é compatible con móbiles ou tablets**, polo que se opta por outro formato (sitio web). A configuración é a mesma que para un ficheiro calquera:




[Licenza: Dominio público](#)

Enténdese que haberá que usar unha aplicación, como por exemplo exeLearning, que nos permita editar e exportar os nosos contidos ao formato Estándar educativo/Paquete de contido IMS. É mellor o formato sitio web xa que é compatib


- **URL:** permite engadir un enlace a unha páxina web. Ten menos opcións de configuración que os ficheiros e paquetes de contidos, e a maiores un par de campos onde se inclúe a URL da páxina e algún outro parametro.

▼ Xeral **Esta opción de configuración é igual para todos os tipos de recursos**

Nome*

Descripción* 

Este é un exemplo dun recurso URL cun enlace ao buscador google ao que se lle pasa como parámetro a URL do servidor onde está aloxado este curso. Lembrade que o texto a buscar se pasa no parámetro "q".


Ruta: p 

Presentar a descrición na páxina do curso

▼ Contido **O contido é a URL da páxina web a incluir no curso como recurso**

URL externo*

▼ Aparencia **Vemos un exemplo dun recurso que se vai a abrir nunha nova xanela**

Presentar 

Largura da xanela emerxente (en píxeles)

Altura da xanela emerxente (en píxeles)

Presentar a descrición do URL

▼ Variábeis de URL

Algunhas variábeis internas de Moodle poden asociarse automaticamente ao URL. Escriba o nome do parámetro en cada caixa(s) de texto e logo seleccione a variábel requirida de coincidencia.


&parámetro=variábel

[Licenza: Dominio público](#)

- **Páxina:** este recurso permite crear unha páxina web empregando un editor de texto web, con contidos tales como texto plano, imaxes, audio, video, código incrustado ou unha combinación de éstos. A súa configuración é igual ao fichero ou o paquete IMS, excepto que no cadro de contido onde se van introducir directamente os contidos que vai presentar a páxina.



▼ Xeral **Esta opción de configuración é igual para todos os tipos de recursos**

Nome*

Descrición*  Este é un exemplo dun recurso tipo páxina.
Ruta: p

Presentar a descrición na páxina do curso

▼ Contido **No caso do recurso tipo páxina, non hai polo medio un arquivo cós contidos, senón que estes son incluímos directamente no cadro de contidos da configuración.**

Contido da páxina* 


Recurso: páxina

Un recurso de páxina crea un enlace, de xeito que cando prememos nel, abre unha páxina web embebida no moodle, que amosa o seu contido. As súas características destacables son:

- Emprega un robusto editor de texto permite que a páxina conteña diferentes tipos de contidos, tales como texto plano, imaxes, audio, video, código incrustado ou unha combinación de éstos.
- Moi usado nos cursos moodle para presentar os contidos, xa que é compatible con todo tipo de plataformas.
- Non ten habilidades opcións de exportación a outros formatos. No obstante, os contidos editados no xel parrnino poden exportarse a múltiples formatos, incluído o paquete IMS que pode

Ruta: p > strong

▶ Aparencia **Presentar a descrición da páxina** **A páxina se amosa embebida no moodle, non hai ningunha outra posibilidade de presentación.**

▶ Configuración común do módulo

▶ Restrict access **O resto das opcións de configuración son iguais que para o resto dos recursos.**

▶ Completado da actividade

[Licenza: Dominio público](#)

- **Libro:** é un **conxunto de páxinas** creadas có editor de textos web de moodle coas seguintes **características:**
 - Proporciona un **bloque "Táboa de contidos"** que permite visualizar e modificar cada páxina engadida ao libro.
 - A **execución do libro bloquea a pantalla** ata que se remata a visualización do mesmo.
 - Poden **importarse e exportarse** libros ao formato paquete IMS.
 - Ten **opcións de impresión** cun resultado razonable.

▼ Xeral

Nome*
Exemplo de libro

Descrición*
Un libro é un conxunto de páxinas web.
Ruta: p
Presentar a descrición na páxina do curso ?

▼ Aparencia

Formatado de capítulo ?
Número **Indicamos cómo vai marcar os capítulos**

Títulos personalizados ?

► Configuración común do módulo

► Restrict access

► Completado da actividade

Gardar e volver ao curso **Gardar e mostrar**

▼ Engadir un novo capítulo

Título do capítulo*
Exemplo de libro

Subcapítulo (Só está dipoñíbel desde que se cree o primeiro capítulo)

Contido*
Este é a primeira páxina do libro, que no moodle se lle chama capítulo.
Os libros de moodle só permiten dous niveis: capítulo e subcapítulo.
A primeira páxina non pode ser un subcapítulo.
Ruta: p
Gardar modificacións Cancelar

Para crear un libro:
1º Ao insertar o recurso libro ábrese a pantalla de configuración e poñemos nome e descrición.
2º Prememos gardar e mostrar e ábrese a pantalla para crear o primeiro capítulo ou páxina do libro.

Licenza: Dominio público

Exemplo de libro: recursos en moodle

TÁBOA DE CONTIDOS
 1 Exemplo de libro
 1.1 Páxina do libro de nivel dous

ADMINISTRACIÓN

- Administración de libro
 - Editar a configuración
 - Roles asignados localmente
 - Permisos
 - Comprobar permisos
 - Filtros
 - Rexistros
 - Copia de seguranza
 - Restaurar
 - Xerar IMS CP
 - Importar o capítulo
 - Imprimir libro
 - Imprimir este capítulo

1 Exemplo de libro
 1.1 Páxina do libro de nivel dous
 Esta é unha páxina que será engadida como subtítulo da anterior

Engadir un novo capítulo

Título do capítulo*
 Páxina do libro de nivel dous

Subcapítulo

Contido*

Esta é unha páxina que será engadida como subtítulo da anterior

Ruta: p

Gardar modificacións Cancelar

Estes iconos permiten pasar dunha páxina do libro á seguinte ou á anterior

Ao presionar + engadimos unha nova páxina ou capítulo.

Se queremos que sexa un subcapítulo marcamos o check de subcapítulo.

Cando gardamos, no bloque Táboa de contidos vense os capítulos creados.

A modificación de cada capítulo é posible dende o seu icono *

No bloque da administración do libro, temos as seguintes accións específicas:
 - Exportar/importar o libro (formato paquete IMS)
 - Imprimir o libro

Exemplo de sitio web embebido

https://docs.moodle.org/all/es/Agregar_un_Libro#A.C3.B1ada_un_subcap.C3.ADtulo

Recursos organizativos

Os recursos organizativos deben **ofrecer información ao alumnado sobre:**

- A **distribución dos contidos** (en temas, unidades didácticas,...)
- A **natureza dos recursos e actividades** propostas (tarefas obrigatorias, recursos, contidos conceptuais,...)
- A **metodoloxía de traballo** (secuencial, primeiro ver a teoría, logo facer as tarefas, por exemplo)
- O **seguimento da súa aprendizaxe**

Non se trata só das etiquetas, tamén poden empregarse cartafoles, arquivos ou seguimento de tarefas, o que sexa necesario para que o alumnado teña claro *qué ten que facer, cómo o ten que facer, cándo o ten que facer e se o fixo ben*.

Dous **exemplos:**

Módulo 5: Ferramentas lingüísticas e recursos na Rede. Terminoloxía (do 02/12 ao 09/12) *O título do módulo indica o tema a traballar*

Plan de traballo *Este arquivo resume o que hai que facer neste módulo*

Contidos

- O portal da lingua galega (Secretaría Xeral de Política Lingüística)
- Dicionario da Real Academia Galega
- Recursos de lingua (Universidade da Coruña)
- Recursos (Servizo de Normalización USC)
- Área de Normalización Lingüística (Universidade de Vigo)
- Recursos (ILG)
- Na Rede (Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua)

Tarefas

- Tarefa 5.1. Compartimos un recurso.

Falamos?

- Foro de dúbidas

As etiquetas permiten identificar os distintos tipos de instrumentos educativos cós que imos traballar

Módulo 0. Presentación do curso, dos e das participantes e da aula

Os primeiros días do curso dedicarémolos a facer a nosa presentación á comunidade de aprendizaxe, a familia actualizar o teu perfil en Platega.

Tes máis información na folla de ruta.

Título e descripción do que se vai traballar neste módulo e o tempo que se lle vai dedicar

Temporalización: do 14 ao 20 de outubro



Folla de ruta - Presentación do curso, dos participantes e da aula virtual

Resumo de cómo traballar



Comunicarse e compartir



Foro de novas, avisos e anuncios.



Foro de consultas do módulo 0



Foro de presentación de participantes



Informarse e aprender



Guía do curso



Información da aula virtual



Como configurar o noso perfil en Platega



Traballar e avaliar



Participa nun curso virtual en Platega

Etiquetas que indican os tipos de instrumentos educativos

Licenciado baixo a [Licença Creative Commons Reconhecimento Compartir igual 4.0](#)